

- **¿Qué é Concilia Tardes?**

Concilia Tardes é un servizo diúrno de carácter experimental para que todas aquelas familias que precisen conciliar a súa vida laboral e familiar, poidan prolongar o tempo de estancia no cole e recoller os nenos e nenas unha ou 2 horas máis tarde.

Durante este tempo, os nenos e nenas terán a oportunidade de xogar, facer as súas tarefas ou merendar antes de ir para a casa.

- **Horario:**

O horario será de 16:00 a 18:00 e para nenos/as de primaria.

- **Prazas:**

Este curso 2018/19 haberá un total de 24 prazas.

- **Sistema de acceso:**

Para realizar a actividade deberá haber un mínimo de 8 nenos senón esa quenda quedará suspendida ou se unificarán quendas.

1. Terán prioridade aquelas familias nas que ámbolos proxenitores estean a traballar e os ingresos sexan menores ó 6.5 veces o IPREM.
2. Tamén terán un acceso prioritario aquelas familias en situación de especial vulnerabilidade: minorías étnicas, vítimas de violencia de Xénero, familias con membros con diversidade funcional, perceptoras de rendas de inserción, dependencia, menores tutelados ou noutra situación de protección ou aquelas que se valoren como tal dende o equipo municipal de servizos sociais.
3. Serán prioritarias aquelas solicitudes de nenos e nenas que non participan noutro programa de Conciliación de xeito simultáneo (Madrugadores) .

No caso de haber máis solicitudes que prazas publicarase a lista de agarda.

- **Para ter en conta:**

- Non é recomendable utilizar os dous servizos de conciliación na súa totalidade (madrugadores e tardes) a non ser casos moi xustificados de xeito excepcional. Aínda que sí é posible combinalos intentando non superar as 8 horas de estancia no seu total, aproximadamente.
- Todos os nenos ou nenas que merenden no servizo teñen que levar a súa merenda e terán que permanecer no servizo ata as 18:00.
- Pódese elixir 2 horarios para saír: ás 17:00 e as 18:00 horas.
- O uso esporádico do servizo queda supeditado á dispoñibilidade de prazas.

- **Prazo de inscrición:** Ata o 19 de outubro.

- **Prezo:** gratuíto pendente de regulación.

- **Reunión informativa:** xoves 25 de outubro ás 19:00 no Concello.

- **Documentación a aportar:**

- **Solicitud de inscrición debidamente cuberta.**
- **Fotocopia da Tarxeta Sanitaria.**
- **Fotocopia do DNI do pai ou nai.**
- **Certificado de discapacidade ou outros informes (se é o caso)**
- Poderase requirir, se se considera necesario, a documentación que se considere oportuna para xustificar as situacións declaradas.

CONCILIA TARDES

Rúa do Concello 4, 27300 Guitiriz
Tef: 982.370.109
www.concellodeguitiriz.com
Concellalía de Benestar Social



